

Asociación de Vecinos SAN ROQUE

Nº 13

Local Social:
Trav. Hnos. Pazó Montes, 2
Teléf. y Fax: 986 84 51 12
36002 PONTEVEDRA
www.avssanroque.com
secretaria@avssanroque.com
D.L. PO 521-2003

Octubre 2011



Poiraos "PELENDRES" ou "TESELANS"

MAFARI
Café

De una exquisita selección.
sale un café con carácter.

Información:
902 866363 / 902 225757
www.mafari.com

Impreso por: A. Vidal S.C.S.

SOBRE A TOPOONIMIA DA ILLA DE ONS

Por Celestino Pardellas de Blas

A toponimia é a ciencia que estuda os nomes de lugar. A comisión de toponimia da Xunta de Galicia engade: "Galicia posúe un enorme e riquísimo patrimonio toponímico e microtoponímico con grave risco de perderse por mor dos profundos cambios nos modos de vida e de asentamento da poboación".

A idea que tivo a Xunta hai anos de por en marcha un Proxecto de Toponimia de Galicia mediante o cal espera lograr a súa recuperación, catalogación e, en definitiva, salvar ese patrimonio inmaterial, foi o que animou á Asociación Pineiróns a realizar a catalogación do patrimonio toponímico da Illa de Ons, nun principio intre, do seu litoral e, en posteriores traballo, a mergullarse na toponimia terrestre desta Illa para, posteriormente, intentalo do conxunto do Parque Nacional.

Este traballo, que está na súa segunda parte, estivo dirixido e coordinado polo autor deste artigo.

Segundo a estudiosos neste campo en Galicia como son: Vicente Feijoo Ares, Roberto Rodríguez Álvarez, Xosé Lois Vilar Pedreira e Manuel Rodríguez Rodríguez que en diferentes traballo expresan: "O patrimonio toponímico galego forma parte da nosa identidade como pobo e se ve ameazado pola transformación demográfica que está a sufrir Galicia e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria das persoas con idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia". Ben certo é, na Illa de Ons que a partires de finais dos anos 70 do pasado século XX quedou deshabitada formando as súas familias unha nova vida en terra, as persoas de maior idade que se trasladaron a vivir ao continente foron perdendo ese arraigo cultural cara a Illa que os máis novos xa non herdan.

Os nomes de lugar perdense co paso do tempo agás aqueles que son de frecuente emprego, como, no caso de Ons, os nomes dos barrios (Pereiró, Curro, Chan da Pólvora, Cucorno, Caño,...) áñda que algúns, en douscientos anos, trocaron como foi o do barrio máis interesante de Ons coñecido como a <Igrexa> e que pasou a chamarse <Canexol>. Quedan tamén as fincas que ainda hoxe se labran (Veiga de Cambados, a Charrúa do Roxo, as Xabreiras,...).

No mar ocorre o mesmo, certos puntos de pesca na costa son pronunciados asiduamente por ser lugares bons de capturas (Pedra dos Serráns, Corliño, Rego de Fedorentos, Xobenco, A Sarriña, Con dos Galos, Baixial, Canivelínas,...) ao igual que as marcas e zonas de pesca do percebe, polbo, nécora,... (Liñeiros, Con dos Galos, Con da Chumeira, Con da Táboa, Laxe da Pendente Ancha,...) pero, pola contra, esa inmensa cantidade de zonas, puntas, calas, furnas,... lugares onde ocorreu algún suceso polo que ganou un nome (Onde Morrerón os Ilomes, Laxe de Carricirán, Puntal do

Submarino, onde Embarrancou o Ciclope,...) esquécense con grande rapidez a medida que as persoas maiores van desaparecendo, áñda que, noutros puntos da costa onde a poboación non sufriu ningún cambio nin despoboamento si podemos aplicar as palabras de Feijoo. "Se hai algo máis duradeiro que unha pedra, que un cadro, que un libro, incluso que a memoria humana mesma, é o nome dunha cousa".

As novas xeracións, que en xeral xa non habitan na Illa nada máis que no verán, perden ese contacto diario con ela que favorecia a continuidade desa ampla cultura inmaterial non só toponímica senón tamén cultural. "Actualmente, a transformación demográfica, a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais e a consecuente urbanización do hábitat, ameazan gravemente a conservación deste riquísimo patrimonio que cada aldea posúe. Tamén interveñen o abandono das actividades agrícolas e gandeiras coa conseguinte marcha da xente nova cara a vilas e cidades en busca dun futuro mellor". Estas palabras de Feijoo reflictense perfectamente en Ons no caso dos nomes de lugar terrestres; poucos rapaces novos, e non tan novos, son capaces de dicir máis de catro nomes fóra dos barrios e algunha das fincas dos seus pais, lugares como (Campos do Gaitero, Montes de Xacobe, Campos de Narciso, Regata de Chefín, onde Cociñaban os Mecos,...) non saberían poñelos no seu lugar e á maioría nin lles soará.

No caso da toponimia mariña, como xa dixen, cambia pero só un pouco pois é o seu lugar de traballo diario e, constantemente, están pronunciando un chea de nomes de lugares; pero áñda así, estamos a falar de menos dun 40% da toponimia mariña illán, xa que son puntos moi concretos de pesca que sempre empregan. Os demás, o outro 60% son nomes que só teñen ou máis ben terian existencia na memoria dos maiores pois, como dicía Feijoo. "Non é esaxerado dicir que con cada vello que morre ou abandona o campo desaparecen tamén ducios de topónimos". No caso de Ons isto foi unha tremenda realidade. Hoxe só algunas persoas de entre os 60-75 anos, poden coñecer un 40% máis deses nomes, quedando entre un 20 e un 30% prácticamente perdidos. Nestes intres, topónimos como: Ilote do Niño do Corvo, a Cuberta do Barco, Con do Palleiro, a Pancanda, Laxe do Porco Morto, Ilote Outeiriño, as Laxiñas, Rego de Manocelleche, Gallado do Ilote, Pedra Furada, Punta do Canizo, Pedra da Horta,..., e centos máis, aos illáns de menos de 50 anos seríalles moi difícil situálas na costa illán.

"Os topónimos son heranza ou restos de antigas linguas desaparecidas ou pouco coñecidas, moitos deles proceden de linguas anteriores ao latín, das que apenas queda historia e coñecemento. Celus, ligures, etruscos, fenicios, gregos, romanos, suevos, visigodos, árabes... todos eles deixaron algo de si no noso idioma e nos

nomes da nosa terra". Chamán a atención estas verbas de Feijoo, xa que é certo que ao longo de toda Galicia a súa toponimia ten unha enorme herdanxa de pobos que nela habitaron; no caso da Illa de Ons, (falta facer un estudo máis profundo te de especialistas), podemos dicir que máis do 80% dos nomes non teñen máis de 200 anos e son topónimos que foron nacendo pasenxamente ao longo de todo este período (1800-2011) e atrévome a dicílo neste 2011, xa que, ainda nestes intres, veciños illáns seguen nomeando pedras e lugares dun xeito espontáneo e que deseguida toma forma na boca de todos os illáns (Con do Abrasco, onde caeu Xosé, por onde se Salta...).

O que si é importante no estudo da toponimia da Illa de Ons e de calquera lugar é, despois de tomados os nomes e poñelos no seu punto exacto no mapa, pasar a coñecer o por que dessa denominación. Como dicta Feijoo. "O coñecemento da toponimia dun lugar é un dos aspectos máis esenciais para o coñecemento dun territorio. A toponimia é un valioso tesouro cultural onde están as claves da nosa historia e da nosa cultura. Os topónimos, no son mais que esas palabras coas que os neses antepasados foron nomeando e reconhecendo ao longo da historia as particularidades do medio físico e dos espazos nos que habitaron humanizándoos e diferenciándoos uns dos outros. Estudando o topónimo, observamos a interpretación que fai a comunidade falante do mundo cultural no que vive".

Polo tanto será moi importante, despois de tomados os nomes e poñelos no seu exacto lugar facer unha posterior investigación histórica de todos esos nomes; de seguro que, a través dela, coñeceremos un importante anaco da historia da Illa más desconocida co litoral galego que, pola contra, debido á suma de todas as súas peculiaridades históricas, etnográficas, antropolóxicas, arquitectónicas, biológicas, ecológicas, gastronómicas,..., é a Illa más importante de todo o litoral peninsular.

Xa para rematar non quero deixar a oportunidade de nomear a un interesante estudoso da toponimia galega e que, nos últimos números de AUNIOS¹, está a levar o traballo do estudo profundo da hidronimia da Illa de Ons. Falo de Fernando Cabeza Quiles.

Resaltar que nese último número da revista cultural AUNIOS² fixo unha pequena referencia aos topónimos que no 1856 Francisco Coello reflectiu nun Atlas de España. No referente a Pontevedra e concretamente no espacio dedicado á Illa de Ons, aparecen dous curiosos topónimos: «Caverna llamada el Convento de Monjas» e a «Fuente de los Ingleses».


Curiosos topónimos pois a furna chamada "Convento de Monjas" sitúana no mapa xustamente no sumo hoxe coñecida como "Buraco do Inferno". Referiranse á mesma furna?, pois de ser así, xa temos dabondo material para especular con semellante cambio.

Sen embargo a suma "Fuente de los Ingleses", da que nos falaba no seu estudo o enxeñeiro Contreras, indicando a desaparición dese topónimo, que quedaba reflectido en varios documentos sobre lindes de fincas, e que ninguén sabía da súa existencia. Hoxe grazas ás investigacións que está a levar Xosé Manuel Pereira Fernández, coñecemos a situación exacta do lugar e, case tamén, o por que dese topónimo.

O estudo dos topónimos, así coric o dos alcumes, "apodos ou mote", que son un elemento cultural importantísimo, non pode quedar no esquecemento, polo que coido que hai que dedicarlle un enorme esforzo para potenciar a súa investigación, pois sería un interesante aporte á cultura popular do lugar, do pobo, da vila, da cidade... Non deixertos que desaparezcan.

NOTAS:

- 1.-Asociación Cultural Pineiro. "Revista Cultural AUNIOS". Números 13-16.
- 2.-Fernando Cabeza Quiles: "A Hidronimia da Illa de Ons na Cartografía". AUNIOS n°16. Páxs. 27, 28.
- 3.-Francisco Contreras Brotóns. "Informe relativo al problema social de la Isla de Ons". Ourense, 1960.



Caverna "el Convento de Monjas" ou a furna do "Buraco do Inferno".